

FERROL: MEMORIA DA VIDA COTIÁ

TEMPO DE OCIO: O XADREZ



Texto Guillermo Llorca Freire
Historiador e escritor

Os primeiros datos coñecidos sobre a chegada do xadrez a Galicia datan do século XVI, pero é a fins do XVIII cando se populariza po-

las sociedades de recreo e nos cafés. Ata entón eran os nobres, os clérigos e os militares os únicos que o practicaban. A súa maioría de idade acádase a fins do século XIX, cando aparece reseñado nas columnas dos xornais e comeza a xeralizarse a práctica deste xogo. É o caso das páxinas do xornal local *El Correo Gallego* cando o 14 de xaneiro de 1922 anuncia as bases da sociedade *La Peña* para un concurso de xadrez no que tamén "se ruego que a los señores que sepan la posición española y las leyes del Ajedrez lo hagan constar al inscribirse para que puedan servir de árbitros". Polo que se refire ás normas dese torneo salientamos as que seguen:

"Artículo 1º. Podrán tomar parte en el concurso todas las personas domiciliadas en Ferrol.

Art. 2º. La cuota de inscripción será de 2,50 pesetas.

(...) Art. 5º. Habrá cuatro categorías (...)

Art. 6º. Cada categoría tendrá su campeón (...)

(...) Atr. 10. Será obligación del árbitro anotar cada partida y llevar el cómputo del tiempo (...) cada jugador tendrá que hacer como mínimo 20 jugadas por hora".

Deste xeito, Ferrol vai figurar entre os primeiros focos axedristicos galegos e en marzo de 1931 constitúese a *Peña Ferrolana de Ajedrez*, con Ramón Fernández Hermida como presidente. O seu primeiro local social estaba no Real Café-Bar, da rúa Sinfiriano López, hoxe Real. O ano seguinte trasládase ó primeiro andar do nº 54 da mesma rúa, propiedade do dono doutro café-bar, o *Royalti*, que o aluga sen contra-prestación algunha, pero probablemente contando cunha clientela segura. Entre os



obxectivos dos seus estatutos estaban os de "proporcionar a sus asociados las distracciones, entretenimientos y recreos compatibles con el juego de Ajedrez y fomentar la afición al mismo". Para lograrlos pretendían celebrar torneos rexidos polos regulamentos das federacións galega e nacional, así como fomentar a súa práctica poñendo a disposición dos asociados taboleiros, libros e revistas. Había dúas categorías de socios de número, cunha cota mensual de 1,50 pesetas para as dúas, pero a diferencia de que os de primeira tiñan que pagar a maiores 3,30 pesetas no momento do ingreso, mentres que os de segunda abonaban 2,50 pesetas.

Ferrol figura tamén como un dos escenarios das partidas de exhibición simultáneas que o famoso mestre soviético Eugene Znosko Borowsky realiza por Galicia en 1934. A Guerra Civil vai poñer fin a esa sociedade, pero a práctica deste deporte vai continuar. Un dos novos escenarios van ser as instalacións do *Círculo Mercantil*. En 1943 o mestre do xadrez, o alemán Samich, realiza diversas partidas de exhibición por Galicia e a primeira delas organizábase nesta sociedade, onde xoga varias simultáneas e a cegas.

Sen dúbida o mellor xedrecista ferrolán foi José Alonso Leira. En 1942 gaña o campionato galego rematando coa supremacía de Gutiérrez Soto, que ostentou o título durante oito anos consecutivos. O ano seguinte clasifícase en quinto lugar no campionato de España. En compañía do leonés Rodrigo Rodríguez participa, en 1954, coa selección española no campionato de Europa. Amais dos seus numerosos méritos deportivos tiña unha extraordinaria biblioteca especializada. Durante varios anos vai ocupa-la presi-

dencia do *Círculo Ferrolano de Ajedrez*, dende a súa constitución en 1959 ata 1965. Na súa lembranza celébrase anualmente o *Memorial Internacional Alonso*.

Outra figura importante foi o devandito Rodríguez, que no ano 1953 logra o sub-campionato de España. Domiciliado en Ferrol, vai ser, xunto con Alonso, o impulsor do *Círculo*, figurando no seu primeiro cadro directivo como vicepresidente.

A sede dese círculo social, como o definen os seus estatutos, aprobados en 1961, estaban de novo noutro café, nesta ocasión no *Moderno*, propiedade de Angel Rodríguez Beceiro. Home entusiasta desta práctica deportiva, que cando traslada o seu negocio ó "café Rubalcava" leva consigo ós socios do mesmo. Durante moitos anos numerosos afeccionados van xogar sobre os seus veladores de mármore ata cando o seu fillo pecha o establecemento coa súa xubilación. Na actualidade os máis veteranos continúan no *Café Gran Vía*.

Dende hai moitos anos o ferrolán Juan Rodríguez Rey leva realizando unha notable tarefa na promoción deste deporte. Campión galego de veteranos no pasado ano, presidente da federación local, entrenador da UNED, autor de varios libros didácticos, é un dos mestres da *Escola Ferrolá de Xadrez*, que imparte os seus coñecementos a máis de setecentos alumnos desde os catro anos. Cántame que aprendeu a xogar por aburrimiento, cando fixo a mili no "Canarias" e en 1978 entra a formar parte do *Círculo Ferrolano*, cando xa liña as súas instalacións no café Rubalcava. Por ese tempo contaban cun só equipo federado e hoxe dispoñen de dez. Mesmo na residencia dos paraplégicos chegou a haber outros tres equipos ata que unha nova xerencia pechou con este pasatempo.

Amais desta veterana sociedade, outras como a *Santa María de Caranza*, o *Capablanca*, o *Canido* e o *Grupo Bazán*, compiten en diferentes categorías e seguen proporcionando un espazo de ocio para practicantes deste singular deporte e os seus seguidores.

Amba, xogadores no *Círculo Mercantil*. Abaixo, simultáneas no *Café Moderno*

PARA SABER MÁIS:

- "*Correo Gallego*, El", 14-01-1922.
- MERINO MEJUTO, D. "Ajedrez", *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 1, op. cit.
- RAMÍREZ, C. "La peña ferrolana de ajedrez", *La Voz de Galicia*, 26-02-2002.

